

Manifiesto **2016** Campana 57

Mans Unidas naceu, fai case sesenta anos, para loitar contra o fame e as súas causas no mundo. A pesar do gran esforzo xa realizado para conter esa lacra, aínda uns 800 millóns de persoas seguen pasando fame, segundo datos da FAO no seu informe *O Estado mundial da agricultura e a alimentación de 2014*.

PLÁNTALLE CARA Á FAME:
SEMENTA



En consecuencia, como organización da Igrexa Católica en España para a promoción e o desenvolvemento dos países máis empobrecidos, Mans Unidas mantén o seu compromiso firme a favor dunha **seguridade alimentaria** sostible e respetuosa coa "**casa común**" que nos acolle.

Esta loita contra o fame no mundo ha de asumirse como un deber ético persoal e unha responsabilidade da sociedade civil, se queremos garantir o **Dereito á Alimentación**; un dereito inherente á dignidade de toda persoa.

Este dereito -que se goza cando as persoas teñen en todo momento acceso ao alimento adecuado- é posible. Pois, segundo a FAO, a seguridade alimentaria e a sostenibilidade do medioambiente a nivel mundial dependen duns 500 millóns de explotacións familiares (pequenos agricultores, pescadores, pastores) que conforman a espina dorsal da agricultura na maior parte dos países. Con todo, estas explotacións son especialmente vulnerables ante a escaseza de recursos necesarios para mellorar a produción agrícola e o impacto das crises medioambientales.

Por iso, coa nosa Campana "**Plántalle cara á fame: sementa**", comprometémonos a:

o **Sementar recursos**. Para que todos, persoas, institucións internacionais e os propios gobernos nos países en desenvolvemento, facilitemos ás explotacións familiares o acceso aos medios de produción. De xeito especial, ás terras de cultivo, auga de rego, sementes de calidade e recursos financeiros para o mantemento das explotacións.

o **Sementar capacidades.** Para que os pequenos agricultores, coa participación dos gobernos locais, poidan desenvolver unha agricultura respetuosa co medio ambiente; mellorar as técnicas de colleita e almacenamento da produción; promover unha alimentación adecuada; e prover unha rede de mercados locais para a comercialización dos excedentes agrícolas.

o **Sementar responsabilidade e cooperación entre os Estados.** Os Estados son os responsables últimos do dereito á alimentación dos seus cidadáns. Por iso, a implicación dos gobernos é necesaria para lograr a defensa dos máis débiles, das comunidades excluídas e do ben común. Os países en desenvolvemento deben mellorar a súa gobernabilidade. Así mesmo, todos os Estados deben comprometerse de modo efectivo na defensa dos dereitos fundamentais, especialmente o dereito á alimentación, e avanzar cara a unha maior protección do medio ambiente e unha xestión transparente dos recursos naturais. A cooperación entre Estados é urxente para lograr a defensa dos máis débiles e das comunidades excluídas.

o **Sementar solidariedade.** Sen o compromiso solidario de toda a humanidade non é posible acabar coa fame no mundo. Como dixo o Papa Francisco no seu discurso á FAO en novembro de 2014: *a solidariedade é a actitude que fai ás persoas capaces de saír ao encontro do outro e fundar as súas relacións mutuas nese sentimento de irmandade que vai máis aló das diferenzas e os límites, e impulsa a buscar xuntos o ben común.*

Así, desde Mans Unidas, seguiremos traballando en colaboración con todas as persoas e institucións que promoven un desenvolvemento sostible que fomente a austeridade no consumo e pare o consumismo compulsivo e irresponsable.

Como dicía Mary Salas, a primeira presidenta de Mans Unidas: "**O día en que os homes decidan que non haxa máis fame sobre a capa da terra, non a haberá. Supón unha toma de conciencia semellante á da abolición da escravitude. Será un mundo novo**".

PLÁNTALLE CARA Á FAME:
SEMENTA

